

unha produción do CCG

CISELIÑA

de Cisco Aznar



Centro Coreográfico Galego
AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais)
Consellería de Cultura e Deporte
Xunta de Galicia

Polideportivo de Elviña
Avda. de Glasgow, nº 11
15008 - A Coruña
Tel.: 981 134 946
Fax: 981 138 294
www.centrocoreografico.org





O CCG produce unha peza coreográfica por tempada. Con este programa quere xerar pezas coreográficas de referencia que contribúan á apertura de novos espazos de exhibición para a danza e que acheguen esta arte a un público diverso e plural.

A terceira produción, despois de *Vacuo*, de Maruxa Salas, e *Kiosco das almas perdidas*, de Roberto Oliván, é *Giseliña*, unha libre adaptación de *Giselle*. Nesta ocasión o CCG convidou o coreógrafo catalán establecido en Suíza Cisco Aznar, que traballou nunha residencia de tres meses en Galicia con distintos artistas da nosa comunidade. O propio coreógrafo seleccionou a través dunha audición pública internacional o seu equipo de traballo, do que forman parte un total de cinco bailaríns galegos.

Giseliña, que se estreará o 7 de marzo de 2009 no Teatro Rosalía Castro da Coruña, conta coa colaboración de La Laboral de Xixón e do Centro Párraga de Murcia. A peza realizou unha residencia técnica de 10 días en La Laboral e outra dunha semana no Teatro Rosalía Castro, feito que ten unha grande importancia no proceso creativo porque supón poder ver o resultado real da peza coreográfica e axustar ao máximo os distintos elementos tempo antes de que a peza se presente publicamente.

Seguindo a liña de traballo desenvolvida até hoxe, o CCG quere apostar pola descentralización e contribuír á formación dos futuros profesionais. Por iso asinou un convenio coa Consellería de Educación da Xunta de Galicia, o que permitiu que alumnos da Escola de Artes Mestre Mateo fixesen prácticas no CCG durante o proceso de deseño e realización do vestuario de *Giseliña*.

O espectáculo levará a cabo unha xira de cinco meses por distintos espazos dentro e fóra de Galicia, o que por un lado garante un bo período de explotación da peza e por outro supón para os bailaríns e bailarinas un contrato de oito meses de duración.

Paralelamente a esta xira, organízanse distintas actividades formativas. En colaboración coa empresa de xestión cultural Artestudio, ponse en marcha un completo programa de formación para público que, coincidindo coa xira de *Giseliña*, achega a linguaxe de Cisco Aznar á cidadanía. Durante o proceso de ensaios tamén se realizaron clases abertas diarias dirixidas aos profesionais da danza e outras artes do movemento.

Ademais da peza coreográfica resultante, interéсанos tamén o proceso que hai detrás da creación. Queremos aproveitar a presenza en Galicia de artistas doutros lugares, con outras experiencias e opinións, favorecendo o intercambio e a comunicación entre eles e os artistas da comunidade galega.



GISELIÑA

Cisco Aznar pousou os seus ollos sobre o ballet *Giselle ou as willis*, creado en 1841 por Adolphe Adam, Théophile Gautier, Jean Coralli e Jules Perrot, no proceso creativo que debullou a base da produción do CCG da tempada 2009, quizais porque a temática da obra coincide con certos códigos da cultura popular galega e a nosa particular relación co mundo dos mortos, quizais porque algúns deses ideais románticos se adaptan plenamente á súa propia visión creativa.

Cisco Aznar constrúe nesta peza un mundo novo no que deambulan as pantasma do pasado, un mundo arbitrado polo seu persoal xeito de subliñar o poder da expresión que posúe o movemento. Porque *Giseliña* é a luz dun laio que se estende polo mar das saudades de todas as *willis* que non se conforman cunha eternidade estéril.

No devalo das vidas de noso tamén se escoitan os ecos do que non fomos, do que esquecemos que queriamos ser, do que nos obrigamos a non ser. E, como as *willis*, clamamos ao vento da noite para que a nosa pantasma sexa un faro no caos racionalista que habitamos.

Giseliña convértese en movemento a iluminar o pensamento, en raíz dunha árbore que se eleva até o infinito. Consegue que nos mergullemos nun mundo no que a neve arde e dá vida, no que a dor cesará cando unha brisa roce o sangue dun home que olla cara ao ceo. Nesa abstracta hora inmóbil que detén os recordos dun fillo pegado ao corpo e un fío de tristura lles anuncie ás protagonistas que o desexo se detén e regresa a ferida, e a boca se lles enche de cinza e palabras sen nome. Cando nunha noite sen fin se enlean os fíos que aprisionan as sombras e obrigan a renderlle contas ao silencio que se perpetúa nos berros arrepiantes da inquietude. Será entón o momento no que preguntar cal é o camiño que deben andar os pés de cadaquén cando a tarde doe e se crava coma un coitelo de xeo no corpo azul da nostalgia.

... *Giseliña* agarda por nós. A beleza non é para os covardes e morde o futuro.

María Casar





CISCO AZNAR

Catalán asentado en Suíza, Cisco Aznar é diplomado pola Escola de

Arte Dramática e Coreográfica de Barcelona. Coreógrafo de renome internacional, ao acabar os seus estudos representou a España no Taller Coreográfico Europeo en Luxemburgo. No ano 1992 recibe unha bolsa de estudos para realizar o Taller de Maurice Béjart, participando na creación do ballet *Autour de Faust*, e *Mister Chaplin co Béjart Ballet Lausanne*.

Dende 1993 traballa como bailarín e coreógrafo en Europa e América Latina, colaborando, entre outros, con compañías e profesionais como o Teatro do Liceo en Barcelona, Julio Bocca e Anna Maria Stekelmann en Bos Aires, o Grupo Vórtice en Brasil ou a compañía Nomades, Paco Decina, Redha e Philippe Lizon en Suíza. En 1998 asume a dirección artística da compañía de Lausanne Buissonnière, para a que crea pezas como *Peter Funk* (1999), *Bochorno* (2000), *Orlando* (2001), *Lunatown* (2001), *Lola la Loca* (2003), *Parce que je t'aime* (2004), *Le vilain petit canard* (2006) ou *Blumenkabarett* (2007).

Ademais destes espectáculos coa compañía Buissonnière, é autor tamén de *Adán e Pepa* (1998, Grupo Vórtice), *Sleep, Sleep my Sweet Monsters* (2001, École de Rythmique du Conservatoire de Bienne) e da fantástica versión de *Coppélia* que realizou no ano 2006 para o Ballet du Grand Théâtre de Genève.



Profesional de recoñecido prestixio, en 1998 obtivo o Premio ao Mellor Espectáculo no Festival de Danse do Triángulo Mineiro (Brasil) por *Adán e Pepa*, en 2003 foi galardoado co Premio Jeunes Créateurs pour la Danse da Fondation Vaudoise e en 2007 obtivo o contrato de confianza de Lausanne, no Estado de Vaud e Pro Helvetia, para formar parte do equipo do Project Danse. Desenvolve tamén a súa actividade no ámbito pedagóxico. Foi profesor de danza clásica e contemporánea e director de diversos obradoiros coreográficos na Académie National d'Art Dramatique et de Cinéma de Sofia, no Conservatorio de Bienne (Suíza), e en diversos espazos de Barcelona e Brasil.

Máis información do traballo de Cisco Aznar en:
www.cie-buissonniere.com



Ficha artística

Concepción, coreografía e dirección Cisco Aznar

Composición Musical Pablo Palacio

Asistente de coreografía Laure Dupont

Iluminación Creación colectiva

Escenografía Luis Lara

Vestuario e máscaras Luis Lara

Asistentes de vestuario e máscaras Estefanía Fernández García,
José Fernández Lago e Noelia Pose Antelo

Cámara e montaxe de vídeo Andreas Pfiffner

Banda de son e ambientes Andreas Pfiffner e Cisco Aznar

Xefatura técnica Santi Mañasco

Técnicos en xira Juan Cobas e Ricardo Barroso

Director en xira Erick Jiménez

Fotografía: Antonia Peña

Deseño gráfico: Uqui-Cebra

Intérpretes

Noemi Alberganti

Jorge Brea

Katja J. Geiger

Álvaro Esteban

Alba Fernández

Carmela García

Satoko Kojima

Amparo Novás

Ana Beatriz Pérez

Miguel Ángel Ponte

Julio César Quintanilla

Hannah Shakti

Jordi Vilaseca

Laure Dupont - Asistente de coreografía

Bailarina de nacionalidade suíza. Debutou na danza no Conservatorio de Sión e continuou a súa formación clásica e contemporánea con Dorothee Franc, profesora e coreógrafa coa que participou en numerosos espectáculos.

En 2002 finaliza os seus estudos e ese mesmo ano entra no Taller Rudra Bejart de Lausanne até xullo de 2004. Dende entón bailou con Cisco Aznar en *Parce que je t'aime*, *Le petit vilan canard*, *Blumenkabarett* e *Andrógena de Minas*.



Luis Lara - Vestiario, escenografía e máscaras

Naceu en 1960 en La Plata (Arxentina). Realizou estudos de xornalismo na Facultade de La Plata e estudos de escultura na Escola Superior de Arte de La Plata.

Dende o ano 1983 desenvolveu a súa actividade en Barcelona como guionista, escenógrafo e creador audiovisual. Traballa coa cantante Mercedes Sosa. Dende 1999 traballa coa compañía Buissonnière en estreita colaboración con Cisco Aznar.



Andreas Pfiffner - Músico e creador audiovisual

Naceu en Suíza en 1977. Cursou estudos na escola Rítmica en Hochschule, de música e teatro en Bienne e estudos de música e multimedia na HMT de Berna.

Participou en diversos espectáculos de teatro, danza e performances baixo a dirección de Kurt Dreyer e Cisco Aznar: *Der Zug im Spiegel*, *Sleep Sleep Little Monster*, *Orlando* ou *Lunatown*. É responsable do espazo sonoro e de composicións musicais para diversos espectáculos da compañía Buissonnière: *Orlando*, *Lunatown*, *Lola la Loca*, *Parce que je t'aime*, *Le petit vilan canard*, *Blumenkabarett* e *Andrógena de Minas*.





Pablo Palacio - Compositor musical

Compositor, trompetista e improvisador electroacústico. Tras completar unha formación musical tradicional, o seu interese céntrase na transformación e na percepción do son, estudando con Jean Claude Risset e Trevor Wishart e licenciándose en psicoloxía e psicoacústica na Universidade Complutense. É responsable de Sof e Tunyi, formacións coas que actúa en numerosos certames de música de vangarda e lanza o traballo discográfico *Autoplástico* co selo Novos Medios. Compuxo varias pezas para danza (Compagnie Buissonnière-Lausanne) e creou teatros sonoros en instalacións multicanle para o proxecto Acusmatrix (UAH e La Casa Encendida). Tamén colabora impartindo obradoiros e conferencias en diversos centros e institucións nos que divulga novos enfoques e tecnoloxías de composición sonora (Composers Desktop Project).



Erick Jiménez – Director en xira

Realiza estudos de arte con especialidade en teatro, teoloxía e socioloxía, e estudos superiores na Universidade Nacional de Costa Rica, especializándose en danza contemporánea, traballando coas compañías máis importantes deste país.

En 2004 inicia o seu labor como profesional independente colaborando con artistas do nivel de Nandayure Harley, Hill Swanson ou Christy Harrys. En España cooperou en proxectos de danza como Neodans, Enclave Dance Company ou Inquedanza. Tamén desenvolve o seu traballo como docente impartindo *workshops* en escolas, universidades e festivais de relevancia internacional. Foi asistente de dirección e coreografía do CCG.

Os bailaríns

Noemi Alberganti

Estudou na escola de danza Crescendo, dirixida por Dany Handley, completando a súa formación con profesionais como Marie-Louise Nespolo, Béatrice Carboni, Sergio Briceno. Tamén realizou estudos de danza en Nova York no Instituto José Limon, na compañía Trisha Brown ou no estudio Merce Cunningham, entre outros. É intérprete e coreógrafa de traballos como *Stupid Girl*, *Autruioception*, *Femmes en mouvement* ou *Réaction*. Como docente impartiu cursos de danza para nenos e adolescentes en distintas escolas e festivais.



Jorge Brea

É titulado en danza contemporánea na Contemporary Dance School de Londres. Estudou tamén na Royal School of Physical Theatre & Drama de Madrid e na Karen Taft School of Dance. Completou a súa formación na Richard Alston Dance Company. Como bailarín participou en *Dardanus, the Opera*, de Isabel Mortimer; *En nombre de la Infanta Carlota*, musical con coreografía de Javier Muñoz; *Salvajes*, de Goyo Ganan, ou no musical *Grease*, dirixido por Eliseo García.



Katja J. Geiger

Aos sete anos comezou a facer ballet clásico (Waganova Technique). Estudou tamén coa RAD-Technique (Royal Academie of Dance), acadando o nivel avanzado. En 1995 obtivo unha bolsa de estudos para a Escola de Verán da RAD. Completou os seus estudos na Heinz-Bosl-Stiftung (Múnic) baixo a dirección de Konstanze Vernon. Na súa carreira profesional formou parte do Staatsballett de Múnic e do Volksoper de Vienna. Foi asistente de coreografía de Giorgio Madia en *Seefestspiele Moerbisch*.



Álvaro Esteban

Titulado polo Real Conservatorio Profesional de Danza de Madrid, diplomado en quiromasaxe e masaxe deportiva e licenciado en ciencias da actividade física e do deporte polo INEF de Madrid. Completou a súa formación con diversos cursos de expresión corporal, danza vertical, clásica e contemporánea. Como bailarín, participou na ópera *Macbeth*, dirixida por Gerardo Vera, nas películas *Los dos lados de la cama*, de Emilio Martínez Lázaro, ou *Fados*, de Carlos Saura, ou en compañías como Larumbe Danza, Trasdanza, Corps ou Centro Coreográfico Galego.





Alba Fernández

Estuda no Real Conservatorio Profesional de Danza de Madrid, especializándose en danza contemporánea. Completa esta formación con diversos cursos de técnica release, limon, graham, cunningham, contact improvisación, hip-hop, teatro musical e ballet. Foi bailarina en compañías como Corps, Larumbe, Con.tempo, l'Sensi ou Y. Foi tamén coreógrafa das pezas *Neutral Chaos* e *El que se sienta al lado*. Actualmente forma parte da compañía Y, dirixida por Nadia Adame.



Carmela García

Formouse en danza clásica no Conservatorio de Valencia e graduouse en danza na especialidade de coreografía e técnicas da interpretación no Instituto Superior de Danza Alicia Alonso da Universidade Rey Juan Carlos de Madrid. Realizou cursos e estancias en Cannes, London Center School, IT Dansa, Hungarian Dance Academy...

Formou parte do Novo Ballet de Cámara de Madrid e recibiu o Primeiro Premio no certame de Novos Coreógrafos Creadores de Madrid, no Concurso de Danza de Valencia e no Concurso de Danza de Castellón. Foi bailarina en *Vacuo*, do CCG.



Satoko Kojima

Titulada en danza contemporánea polo Instituto de Teatro de Barcelona, estudou danza clásica no Conservatorio Carmen Rochy. Realizou diversos talleres con profesionais como Roberto Oliván, David Zambrano, Lali Ayguadé, Ramón Oller, Bechy Siegel ou Maxim Lanarelli, entre outros. Foi bailarina en *Kathads*, de Lali Ayguadé; *Memoirs of the Stones* e *Still Moving*, de Becky Siegel; *Utagai* e *Somnis de donnes de la Méditerranée*, de Paranoies Gómez Company; e *Violeta's tears* e *Carmen*, de Ramon Oller. Foi tamén profesora de danza no Club ADI e na Casa Cultural de Olite.



Amparo Novás

É bailarina titulada pola Escola Profesional de Danza de Madrid (2002). Fixo diferentes cursos de danza con mestres da experiencia de Reynaldo Muñiz, Marianna Sedova, Cristianne Marchante, Ramón Oller, Gloria García, Víctor Ullate... En 2004 realizou unha colaboración coa Compañía Sol Picó en Fitur (Madrid); tamén colaborou coa Compañía de Fernando Hurtado e ao ano seguinte integrouse como bailarina de *Turandot* no Teatro Liceo de Barcelona. En 2006 pasou a colaborar coa Compañía ExperimentaDanza. Foi bailarina en *Vacuo*, do CCG.

Ana Beatriz Pérez

Titulada como bailarina e profesora na especialidade de danza moderna e folclórica pola Escola Nacional de Artes de La Habana (1991), forma parte da Compañía Nacional de Danza de Cuba nese mesmo ano. Recibiu numerosos premios, entre eles o Primeiro Premio do V Certame Internacional de Coreografía Burgos & Nova York como bailarina e coreógrafa por *La cuenca de tus ojos* (2006), traballo polo que tamén recibe o Primeiro Premio do IV Certame de Creación Coreográfica de Galicia. Foi bailarina nas montaxes do CCG *Vacuo* e *Kiosco das almas perdidas*.



Miguel Ángel Ponte

Cursou o grao medio de danza na escola Druída e no Real Conservatorio Profesional de Danza de Madrid. É licenciado en coreografía e interpretación pola Universidade Rey Juan Carlos de Madrid, cursando o máster oficial en artes escénicas no mesmo centro. Como bailarín participou en *Lúa amarga*, *O calar do tempo* e *Verde transparente*, de Druída Danza; *Gotan* e *Cascanueces*, do Novo Ballet de Cámara de Madrid, ou *Átame* e *Romeo y Julieta*, do Ballet Clásico de República Dominicana. Obtivo diversos premios en certames nacionais polas súas interpretacións.



Julio César Quintanilla

Titulado polo Real Conservatorio Profesional de Danza Marienmma na especialidade de danza contemporánea, completou esta formación con clases de mestres como Wendel Wells, Christine Tanguay, Chevi Muraday, Carmen Werner, Win Vandekeybus... Foi bailarín nas películas *Los dos lados de la cama*, de Emilio Lázaro, e *Fados*, de Carlos Saura, na ópera *Macbeth*, dirixida por Gerardo Vera, nas pezas *Viento claro* e *Allegro ma non troppo*, de Pedro Beryades, e nas compañías Corps e Larumbe Danza, entre outros.





Hannah Shakti

En 1998 comeza os seus estudos de danza en Italia. É diplomada en Danza Teatro Performing Arts pola Universidade de Niza (Francia 2002-2003). De 2003 a 2006 realiza estudos no Laban Dance Center de Londres, na especialidade de Danza Teatro.

Realizou diferentes cursos con compañías e profesionais do nivel de David Zambrano, Forsyth Dance Company, Les Slovaks, Leon Baugh... Traballou en Retina Dance Company (UK), Offjazz Junior Dance Company (Niza) e con diferentes coreógrafos como Filip Van Hoffel, Jonathan Stone, Mark Lorimer, Zoi Dimitrou... Coas súas propias creacións bailou no Bonnie Bird Theatre e no Laban Theatre de Londres. Foi bailarina de *Kiosco das almas perdidas*, do CCG.



Jordi Vilaseca

Graduado polo Conservatorio Profesional de Danza (Institut del Teatre) de Barcelona en 2002. Recibiu clases con Bárbara Kasprowich, Mauro Galindo, Elena Barcheva, Marta Munsó, José María Escudero, Keith Morino, Avelina Argüelles, Ramón Oller, Joan Boix, Rodolfo Castellanos e Jeanie Solan. En 2002 obtén unha bolsa de estudos do Instituto Superior de Danza Alicia Alonso e tamén o Premio do Público da VI Competición Cidade de Castelló na categoría de contemporánea, así como o Premio Especial na I Competición Internacional de Danza Moderna Burgos-Nova York nese mesmo ano. Traballou en compañías como Metros, Lanomina Imperial, Norrdans, SYBAA e Centro Coreográfico Galego.



XIRA 2009

7 e 8 de marzo	Teatro Rosalía Castro [A Coruña]
10 de marzo	Auditorio de Galicia [Santiago]
14 de marzo	Pazo da Cultura [Narón]
15 de marzo	Centro Social Caixanova [Vigo]
21 de marzo	Auditorio Municipal [Cangas]
24 de marzo	Rabat [Marrocos]
26 de marzo	Tetuán [Marrocos]
1 de abril	Auditorio A [Puertollano]
3 de abril	La Laboral [Xixón]
4 de abril	La Laboral [Xixón]
17 de abril	Centro Párraga [Murcia]
18 de abril	Centro Párraga [Murcia]
24 de abril	Pazo da Cultura [Pontevedra]
29 de abril	Teatro Principal [Ourense]
30 de abril	Teatro Principal [Ourense]
9 de maio	Teatro Jofre [Ferrol]
16 de maio	Teatro Zorrilla [Badalona]
22 de maio	Teatro Área Panorámica [Tui]



unha produción do CCG

GISELIÑA

de Cisco Aznar



 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

 AGADIC
Axaencia Galega das
Industrias Culturais

 centro
coreográfico
galego

 fundación cidade
da cultura de galicia

Coprodución:

 laboral
ESDEMA

 Región de Murcia
Consejería de Cultura, Juventud y Deportes

 CENTRO
PARAYAGA

Colaboración:

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación
Profesional e Enseñanzas Especiais

 Concello de
A Coruña

CIE: BUSSONNIÈRE

CONTIDOS:
dossier de prensa
fotografías

Directora Natalia Balseiro
Encargada Xeral Sabela Pernas
Secretaria dirección María Luísa Vilariño
Xefe de produción Marcos Vieitez
Axudante de produción María Casar
Auxiliar de produción Marta Barrecheguren
Departamento de formación Maruxa Salas
Asesora pedagóxica Cristina López
Departamento de documentación Pilar Peña
Profesoras de danza Beatriz Ponlla, Belén Vázquez
Auxiliar de son Hugo Peñamaría
Técnico de maquinaria Jesús Rodríguez Arias
Xastras Milagros Reimúndez, Cristina Cordido

Músicos José Taboada, Carlos Taboada,
Carlos Rilo, José Ramón Bugliot,
Xosé Lois Romero, Suso Vaamonde
Pianista Roberto Beceiro
Asesora xurídica Pilar Rodríguez
Administración María Xosé Rodríguez
Comunicación Ana Rosales, Ana Miragalla,
Fátima Rodríguez
Consello asesor Angels Mangarrit, Rui Horta,
Roberto Taboada

Agradecementos: Concello de Carballo, Aquarium
Finisterrae, Nacha Alvaredo, Nicolás Mercado,
Ángel Montero, Antón Ferreiro, Instituto Camões

